



www.oqueleo.com

Título orixinal: MOMO

© 1973, K. Thienemann Verlag

(Thienemann Verlag GmbH), Stuttgart/Wien

© Da tradución: 2002, Antón Palacio e Sonia Pérez

© Desta edición:

2018, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-09-9

Depósito legal: M-1078-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Segunda edición: xaneiro de 2018

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Fran Ameixeiras, Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Rosa Marín,

Julia Ortega e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

MOMO

Michael Ende

oqueleq

*Na noite brilla a túa luz.
De onde vén, non o sei.
Parece tan cerca e tan lonxe.
Como te chamas, non o sei.
O que queira que sexas:
brilla, brilla, estrelaña!*

(Dunha vella canción infantil irlandesa)

Primeira parte

Momo e os seus amigos

Unha cidade grande e unha nena pequena

Nos vellos, vellos tempos, cando os homes aínda falaban moitas linguas moi diferentes das de agora, xa había nos países cálidos cidades grandes e suntuosas. Alzábanse alí os palacios dos reis e dos emperadores, había nelas rúas largas, calellas estreitas e calelliñas intrincadas, magníficos templos con estatuas de ouro e de mármore dedicadas ós deuses; había mercados multicolores, onde se ofrecían mercadorías de todos os países, e prazas amplas, onde a xente se reunía para comentar as novidades e pronunciar ou escoitar discursos. Sobre todo, había alí grandes teatros. Tiñan o aspecto dos nosos circos actuais, só que estaban todos feitos con perpiaño. As ringleiras de asentos para os espectadores estaban graduadas, coma se fose un gran funil. Visto desde arriba, algúns destes edificios eran totalmente circulares, outros eran máis ovalados e algúns facían un amplo semicírculo. Chamábanlles anfiteatros.

Había algúns que eran tan grandes coma un campo de fútbol e outros, máis pequenos, en que só cabían uns poucos centos de espectadores. Algúns eran moi suntuosos, adornados con columnas e con estatuas, e outros eran

sinxelos, sen decoración. Eses anfiteatros non tiñan cuberta, todo se facía a ceo aberto. Por iso, nos teatros luxosos tendíanse sobre o patio de butacas tapices bordados de ouro para protexer o público do ardor do sol ou dun ballón inesperado. Canizos de vimbios ou de palla facían a mesma función nos teatros máis humildes. Nunha palabra: os teatros eran tal como a xente podía pagalos. Pero todos querían ter un, porque eran oíntes e espectadores apaixonados.

10 E cando escoitaban os acontecementos conmovedores ou cómicos que se lles ofrecían na escena, parecíanlles que a vida representada era, misteriosamente, máis real cá súa verdadeira vida cotiá. E gustáballes contemplar esoutra realidade.

Pasaron miles de anos desde aquela. As grandes cidades daquel tempo decaeron, os templos e os palacios esborralláronse. O vento e a chuvia, o frío e a calor limaron e desgastaron as pedras, e dos grandes teatros non quedan máis ca ruínas. Nas agretadas paredes, as carricantas cantan a súa monótona cántiga e é coma se a terra respirase en soños.

Pero, na actualidade, algunhas desas vellas e grandes cidades seguen a ser grandes. Claro que a vida nelas é diferente. A xente vai en coche ou en tranvía, ten teléfono e electricidade. Pero por algures, entre os edificios novos, aínda quedan un par de columnas, unha porta, un anaco de muralla ou incluso un anfiteatro daqueles afastados días.

Nunha desas cidades transcorreu a vida de Momo.

Nas aforas, no extremo sur desta gran cidade, alí onde comezan os primeiros eidos, e as cabanas e as choupanas son cada vez máis miserentas, quedan, ocultas nun piñeiral, as ruínas dun pequeno anfiteatro. Nin sequera nos vellos tempos foi un dos suntuosos; xa daquela era, digamos, un teatro para xente humilde. Nos nosos días, é dicir, na época en que se iniciou a historia de Momo, as ruínas estaban case esquecidas. Só uns poucos profesores de arqueoloxía sabían que existían, pero non se ocupaban delas porque xa non había nada que investigar. Tampouco eran un monumento que se puidese comparar cos outros que había na gran cidade. De xeito que só de cando en vez se perdían por alí algúns turistas, saltaban polas ringleiras de asentos cubertas pola herba, barullaban, facían algunha foto e marchaban. Daquela volvía o silencio ó círculo de pedra e as carricantas cantaban a seguinte estrofa da súa interminable cántiga que, polo demais, non se diferenciaba en nada das estrofas anteriores.

11

En realidade, soamente a xente dos arredores coñecía o curioso edificio circular. Apacentaban nel as súas cabras, os cativos usaban a praza redonda para xogaren á pelota e ás veces encontrábanse alí, pola noite, algunhas parellas de namorados.

Pero un día correu a voz entre a xente de que ultimamente vivía alguén nas ruínas. Tratábase, ó parecer, dunha nena. Non o podían dicir exactamente, porque ía vestida dun modo moi curioso. Parecía que se chamaba Momo ou algo polo xeito.

Certamente, o aspecto externo de Momo era un tanto estrafalario e acaso podía asustar algo a xente que lle dá

moita importancia ó aseo e á orde. Era pequena e bastante fraca, de modo que nin coa mellor vontade se podía recoñecer se tiña oito anos soamente ou se xa tiña doce. Tiña o pelo moi enguedellado, negro coma a pez e con todo o aspecto de non se ter enfrontado nunca cun peite ou cunhas tesoiras. Tiña uns ollos moi grandes, moi fermosos e tamén negros coma a pez e os pés da mesma cor, pois case sempre andaba descalza. Só no inverno levaba zapatos de cando en vez, pero adoitaban ser diferentes, desemparellados e, ademais, quedábanlle grandes de máis. Iso era porque Momo non posuía máis có que atopaba por aí ou o que lle regalaban. A súa faldra estaba feita de moitos remendos de diferentes cores e chegáballe deica os nortellos. Por riba levaba un chaquetón vello de home, grande de máis, coas mangas arremangadas arredor dos pulsos. Momo non quería cortalas porque lembraba, previsoramente, que aínda tiña que medrar. E quen sabe se algunha vez había volver atopar un chaquetón tan grande, tan práctico e con tantos petos.

Debaixo do escenario daquela teatro en ruínas, cuberto pola herba, había unhas cámaras medias derruídas, ás que se podía chegar por un burato na parede. Momo instalárase alí coma na súa casa. Unha tarde chegaron uns cantos homes e mulleres dos arredores que trataron de interrogala. Momo, de pé, mirábaos asustada, porque temía que a botasen. Pero axiña se decatou de que eran boa xente. Eles tamén eran pobres e coñecían a vida.

—E ben —dixo un dos homes—, parece que che gusta isto.

- Gusta —contestou Momo.
—E queres quedar aquí?
—Quero, se podo.
—Pero, ninguén agarda por ti?
—Ninguén.
—Quero dicir, non tes que volver á casa?
—Esta é a miña casa.
—De onde vés, rapaza?

Momo fixo coa man un vago movemento, e sinalou un lugar calquera ó lonxe.

—E quen son teus pais? —seguiu preguntando o home.

A nena mirouno desconcertada, tamén mirou ós outros, e encolleu un chisco os ombros. A xente mirouse e suspirou.

—Non teñas medo —seguiu o home—. Non te queremos botar. Queremos axudarche.

Momo asentiu muda, non convencida de todo.

—Dis que te chamas Momo, non si?

—Si.

—Éche un fermoso nome, pero nunca o teño oído.

Quen che puxo así?

—Eu —dixo Momo.

—Puxécheste así ti mesma?

—Puxen.

—E logo cando naciches?

Momo pensou un momento e, por fin, dixo:

—Polo que dou lembrado, sempre existín.

—E logo non tes ningunha tía, ningún tío, ningunha avoa, nin familia con quen poidas ir?

Momo mirou ó home e calou un chisco. Despois murmurou.

—Esta é a miña casa.

—Ben, ben —dixo o home—. Pero aínda es unha nena. Cantos anos tes?

—Cen —dixo Momo, coma se dubidase.

A xente riu, pois coidaba que estaba de leria.

—A ver, falando en serio, cantos anos tes?

—Cento dous —contestou Momo, un chisco máis dubitativa aínda.

14

A xente tardou un pouco en decatarse de que a nena soamente coñecía un par de números que tiña oído por aí, pero que non significaban nada, porque ninguén lle ensinara a contar.

—Escoita —dixo o home, despois de consultar cos demais—. Pareceche ben que lle digamos á policía que estás aquí? Entón habíante levar a un hospicio, onde habías ter comida e mais unha cama e onde podías aprender a contar e a ler e a escribir e moitas cousas máis. Que che parece, eh?

Momo mirouno asustada.

—Non —murmurou—. Non quero ir alí. Xa estiven alí unha vez. Tamén había outros nenos. Había reixas nas ventás. Dábannos malleiras todos os días, e moi inxustamente. Entón, unha noite, agatuñei pola parede e fuxín. Non quero volver alí.

—Compréndoo —dixo un home vello, e asentiu. E os demais tamén o comprendían e asentiron.

—Está ben —dixo unha muller—. Pero aínda es moi cativa. Alguén debe coidar de ti.

—Eu —dixo Momo máis tranquila.

—Es capaz de o facer? —preguntou a muller.

Momo calou un anaco e dixo en voz baixa:

—Non necesito moito.

A xente volveu intercambiar miradas, suspirar e asentir.

—Sabes, Momo —volveu tomar a palabra o home que falara primeiro—, cremos que quizais podías quedar con algún de nós. É certo que todos temos pouco sitio, e a maior parte xa temos un montón de cativos que alimentar, pero por iso cremos que un máis non importa. Que che parece iso, eh?

15

—Grazas —dixo Momo, e sorriu por primeira vez—. Moitas grazas. Pero, por que non me deixades vivir aquí?

A xente estivo discutindo moito tempo e ó final puxéronse de acordo. Porque aquí, pensaban eles, Momo podía vivir tan ben coma con calquera deles, e coidarían dela todos xuntos, porque de todos os xeitos había ser moito máis doado facelo todos xuntos ca un só.

Empezaron enseguida, limparon e amañaron o mellor que puideron a cámara media derruída en que vivía Momo. Un deles, que era albanel, construíu incluso unha pequena lareira. Tamén atoparon un tubo de cheminea oxidado. Un vello carpinteiro construíu cunha caixas de madeira unha mesa e dúas cadeiras. Finalmente, as mulleres trouxeron unha vella cama de ferro que ninguén usaba, adornada con volutas, un colchón que só estaba un algo roto e dúas mantas. A cova de pedra debaixo do escenario convertérase nun cuarto ben acolledor. O albanel, que tiña aptitudes artísticas, pintou na parede un

fermoso cadro de flores. Incluso lle pintou o marco e mais o cravo do que penduraba o cadro.

Entón viñeron os nenos e os maiores e trouxeron a comida que lles sobrava: un, un anaquiño de queixo, outro un anaco de pan, o terceiro, unha pouca froita e así os outros. E como eran moitos nenos, aquela noite xuntouse no anfiteatro un nutrido grupo e fixeron unha pequena festa para celebrar que Momo se mudase. Foi unha festa moi divertida, como só sabe celebralas a xente pobre.

16

Así comezou a amizade entre a pequena Momo e a xente dos arredores.

Un trazo peculiar e unha pelexa moi corrente

Desde aquela, Momo viviu moi ben, polo menos iso era o que a ela lle parecía. Sempre tiña algo que comer, unhas veces máis, outras menos, segundo fosen as cousas e segundo a xente puidese prescindir delas. Tiña un teito sobre a cabeza, tiña unha cama e, cando tiña frío, podía acender o lume. E, o máis importante: tiña moitos bos amigos.

17

Podíase pensar que Momo tivera moita sorte ó atopar xente tan amable, e a propia Momo pensábao así. Pero tamén a xente se decatou axiña de que tivera moita sorte. Necesitaban a Momo, e preguntábanse como puideran amañarse antes sen ela. E canto máis tempo había que a nena estaba con eles, tanto máis imprescindible se facía, tan imprescindible que todos temían que algún día puidese marchar.

De aí vén que Momo tivese moitas visitas. Case sempre se vía a alguén sentado con ela, que lle falaba solitamente. E o que a necesitaba e non podía ir onda ela mandábaa buscar. E a quen aínda non se decatara de que a necesitaba, dicíanlle os demais.

—Vai onda Momo!

Estas palabras convertéronse pouco e pouco nunha frase feita entre a xente de por alí. Igual que se di: «Boa sorte!» ou «Que aproveite»!, ou «E eu que sei!», dicíase en calquera ocasión:

—Vai onda Momo!

Pero por que? É que Momo era tan incrivelmente lista que tiña un bo consello para todos? Atopaba sempre as palabras axeitadas cando alguén necesitaba consolo? Sabía facer xuízos sabios e xustos?

18 Non. Momo, incluso menos ca calquera outro cativo, non sabía facer nada de todo iso.

Daquela, é que Momo sabía algo que poñía á xente de bo humor? Sabía cantar moi ben? Ou sabía tocar un instrumento? Ou é que, xa que vivía nunha especie de circo, sabía bailar ou facer acrobacias?

Non, tampouco se trataba diso.

Acaso sabía maxia? Coñecía algún secreto encantamento co que puidese escorrentar todas as miserias e preocupacións? Sabía ler a man ou predicir o futuro de calquera outro xeito?

Nada diso.

O que a pequena Momo sabía facer coma ninguén era escoitar. Quizais algún lector dirá que iso non é nada especial; saber escoitar sabe calquera.

Pois iso é un erro. Moi poucas persoas saben escoitar de verdade. E a maneira en que sabía escoitar Momo era absolutamente única.

Momo sabía escoitar de tal xeito que á xente parva ocorríanselle, de repente, ideas moi intelixentes. Non porque dixese ou preguntase algo que levase ós demais a pensar

esas ideas, non; simplemente estaba alí e escoitaba con toda a súa atención e todo o seu interese. Mentres tanto, miraba ó interlocutor cos seus grandes ollos negros e este notaba de inmediato como se lle ocorrían pensamentos que nunca chegaría a crer que estivesen nel.

Sabía escoitar de tal maneira que a xente perplexa ou indecisa sabía moi ben, de repente, que era o que quería. Ou que os tímidos se sentisen de súpeto moi libres e valorosos. Ou que os desgraciados e os afixidos se volvesen confiados e alegres. E se alguén cría que a súa vida era un total fracaso, sen sentido e que el mesmo non era máis ca un entre millóns, e que non importaba nada e que o poderían prescindir del coa mesma facilidade ca dun tarro roto, ía e contáballe todo iso á pequena Momo, e de xeito misterioso, mentres falaba, resultáballe claro que se equivocaba completamente, e que tal como el era, soamente había un entre todos os homes e que, por iso, era importante, á súa maneira, para o mundo.

Así sabía escoitar Momo!

Un bo día presentáronse no anfiteatro dous homes que pelexaran a morte e que xa non querían falarse, malia seren veciños. Os demais aconselláranlles que fosen ver a Momo, porque non estaba ben que os veciños vivisen pelexados. De primeiras, os dous homes negáranse, pero ó final accederan de mala gana.

Velaí estaban os dous, no anfiteatro, mudos e hostís, cada un nun lado das filas de asentos de pedra, coa mirada sombría e fixa.

Un era o albanel que fixera a lareira e o fermoso cadro de flores que había no cuarto de Momo. Chamábase Nicola e era un tipo forte con grande mostacho negro e hispido. O outro chamábase Nino. Era delgado e sempre parecía un pouco canso. Nino era o arrendatario dun pequeno establecemento nos arredores da cidade, onde polo xeral soamente había un par de vellos que en toda a noite non bebían máis ca un só vaso de viño e falaban dos seus recordos. Tamén Nino e a súa gorda muller estaban entre os amigos de Momo e moitas veces trouxéranlle cousas boas para comer.

Como Momo se decatou de que os dous estaban enfadados e de que non se falaban, non soubo, ó principio, con quen se sentar primeiro. Para non ofender a ningún deles, sentouse por fin no bordo de pedra do escenario, á mesma distancia de ambos e miraba alternativamente a un e a outro. Simplemente agardaba a ver que ocorría. Algunhas cousas necesitan o seu tempo, e tempo era o único que Momo tiña en abundancia.

Despois de que os homes estiveron así un bo anaco, Nicola ergueuse de repente e dixo:

—Eu marcho. Demostrei que tiña boa vontade ó vir aquí. Pero ti ben ves, Momo, o teimudo que é el. Para que vou agardar máis?

E deu a volta para marchar.

—Si, vaite! —berroulle Nino—. Non facía falta ningunha que viñeses. Eu non me reconcilio cun criminal.

Nicola xirou en redondo. Tiña a cara rubia de ira.

—Quen é un criminal? —preguntou en ton ameazador volvendo ó seu sitio—. Repíteo!

—Repetireino cantas veces queiras! —berrou Nino—. Pensas que porque es grande e forte ninguén se atreve a dicirche as verdades á cara? Eu atévome, e vouchas cantar a ti e a calquera que queira escoitalas. Adiante, ven e mátame, como xa dixeches unha vez que habías facer.

—Oxalá o fixese! —berrou Nicola apertando os puños—. Xa ben ves, Momo, como mente e calumnia. Só o agarrei unha vez polos colares e tireino ó charco que hai detrás da súa cova. Alí non afoga nin unha rata.

E, volvéndose de novo cara a Nino, berrou:

—Por desgraza aínda vives, como se pode ver.

Durante un anaco voaron nunha e noutra dirección os peores insultos, e Momo non daba entendido cal era o problema e por que estaban tan enfadados os dous. Pero pouco e pouco foi sabendo que Nicola só cometera aquela salvaxada porque antes Nino lle dera unha labazada diante dalgúns dos seus seareiros. A iso, pola súa parte, antecederá o intento de Nicola de esnaquizar toda a vaixela de Nino.

—Non é certo! —defendeuse indignado Nicola—. Soamente tirei contra a parede unha soa xerra que, ademais, xa estaba fendida.

—Pero a xerra era miña, entendes? —respondeu Nino—. E ademais non tes dereito a facelo.

Nicola pensaba que si tiña dereito a facelo, porque Nino o ofendera no seu honor de albanel.

—Sabes o que anda dicindo de min? —gritou dirixíndose a Momo—. Anda dicindo que eu non era capaz de construír unha parede dereita, porque estaba bébedo día

e noite. Que era igual có meu tataravó, que traballara na torre inclinada de Pisa.

—Pero, Nicola —contestou Nino—, se iso era unha broma.

—Vaia unha broma! —protestou Nicola—. Non che ten ningunha graza.

Resultou que Nino soamente devolvera unha broma anterior de Nicola. Porque unha mañá atopara que lle escribiran na porta con grandes letras vermellas: «Gatos e taberneiros, todos ladroeiros». E iso, á súa vez, non lle fixera graza ningunha a Nino.

22

Durante un anaco discutiron a morte sobre cal das dúas bromas era mellor, e volveron alporizarse. Pero, de súpeto, quedaron cortados.

Momo mirábaos cos ollos regalados, e ningún dos dous podía interpretar o significado da súa mirada. É que, por dentro, estaba a rirse deles? Ou estaba triste? A cara dela non llo dicía. Pero ós dous homes pareceulles, de repente, que se vían a si mesmos nun espello, e comezaron a sentir vergonza.

—Ben —dixo Nicola—, se cadra non debín escribirche aquilo na porta, Nino. Eu non o faría se ti non te negases, como fixeches, a servirme un vaso de viño máis. Iso ía contra a lei, sabes? Porque sempre che paguei e non tiñas razón para me tratares así.

—Xa cho creo que a tiña! —contestou Nino—. É que xa non te lembrás daquel asunto do santo Antonio? Ah, agora puxécheste albo! Porque me estafaches con todas as da lei, e eu non teño por que aturarcho!

—Que eu te estafei a ti? —berrou Nicola—. Foiche ó revés! Ti queríasme enganar a min, só que non o conseguiches.

O asunto era o seguinte: no pequeno establecemento de Nino colgaba da parede unha pequena imaxe do santo Antonio. Era un gravado en color que Nino recortara unha vez dunha revista.

Un día, Nicola quíxolle comprar a imaxe, segundo dicía, porque lle gustaba moito. Releando habilmente, Nino conseguira que Nicola lle dese a cambio a súa vella radio. Nino tívose por moi listo, porque Nicola facía moi mal negocio. Cerrouse o trato.

Pero despois resultou que entre a imaxe e o marco de cartón había un billete de banco, do que Nino non sabía nada. De súpeto era el o enganado, e iso amolábao. Esixiu que Nicola lle devolvese o diñeiro, porque este non entraba no trato. Nicola negouse e entón Nino non lle quixo volver encher o vaso. Así comezara a pelexa.

Así que os dous chegaron ó principio do asunto que os desamigara, calaron un chisco.

Daquela Nino preguntou:

—Dime agora con toda honradez, Nicola, xa sabías dos cartos antes do cambio ou non?

—Claro que sabía: se non, non o facía.

—Entón tes que recoñecer que me estafaches.

—E por que? En serio que ti non sabías nada deses cartos?

—Non, palabra de honor.

—Velo! Eras ti quen querías estafarme a min, porque, ¿como podías pedirme a radio a cambio dun cacho de papel de periódico sen valor ningún?

—E como soubeches ti o do diñeiro?

—Dúas noites antes vira como un seareiro o ocultara alí como ofrenda ó santo Antonio.

Nino mordeu os beizos.

—El era moito?

—Nin máis nin menos có que valía a miña radio —retrucou Nicola.

—Entón, toda a nosa pelexa —dixo Nino pensativamente— soamente é polo santo Antonio que recortei dun periódico.

24

Nino rañou a cabeza:

—En realidade, si. Se queres, devólvocho, Nino.

E, de repente, botáronse ambos a rir. Baixaron os brazos de pedra, encontráronse no medio de praciña central, abrazáronse dándose palmadas no lombo. Despois, os dous abrazaron a Momo e dixéronlle:

—Graciñas!

Cando, de alí a un anaco, marcharon, Momo seguiu dicíndolles adeus coa man moito tempo. Estaba moi contenta de que os seus dous amigos volvesen entenderse coma antes.

Outra vez, un rapaz tróuxolle o seu canario, que non quería cantar. Iso era unha tarefa moito máis difícil para Momo. Tivo que botar toda unha semana escoitándoo ata que por fin volveu cantar e rechouchiar.

Momo escoitaba a todos: a cans e a gatos, a grilos e a ras, incluso á chuvia e ó vento nas árbores. E todos lle falaban na súa propia lingua.

Algunhas noites, cando xa todos os seus amigos se foran ás súas casas, quedaba soa no gran círculo de pedra do

vello teatro sobre o que se alzaba a gran cúpula estrelada do ceo e escoitaba o grandioso silencio.

E en momentos así parecíalle que estaba sentada dentro do pavillón dunha grande orella, que escoitaba o universo de estrelas. E tamén que oía unha música calada, pero aínda así moi impresionante, que lle chegaba moi a dentro, á alma.

En noites coma aquela adoitaba soñar cousas especialmente fermosas.

E quen agora siga crendo que o saber escoitar non ten nada de especial, que o intente, a ver se é capaz de facelo.